



Informe de avaliación

Inserción laboral 2002-2004

Escolas Obradoiro e Obradoiros de emprego

Provincia de Pontevedra

Unidade de Promoción e
Desenvolvemento

Mancomunidade da Área
Intermunicipal de Vigo

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Consideracións metodolóxicas	4
3. Área xeográfica de análise.....	8
4. Análise cuantitativa dos proxectos	10
4.1. Número total de proxectos segundo o tipo de programa.	10
4.2. Número total de proxectos segundo a zona xeográfica.	10
4.3. Número de total de proxectos segundo a especialidade.	11
4.4. Evolución cronolóxica do nº de proxectos segundo o tipo de programa.	14
5. Análise cuantitativa do alumnado traballador	15
5.1. Número de persoas segundo o sexo e o tipo de programa.	15
5.2. Número de persoas participantes segundo a zona xeográfica.	16
5.3. Evolución do alumnado traballador segundo o sexo e o tipo de programa.	17
6. Movementos do alumnado traballador durante o desenvolvemento dos proxectos ...	20
6.1. Índice de rotación nos proxectos.	20
6.2. Os abandonos producidos durante os proxectos e as súas causas.	21
6.2.1. Número de abandonos segundo as causas e o sexo.	22
6.2.2. Número de abandonos segundo o tipo de proxecto.....	22
6.2.3. Evolución do número de baixas.	23
7. Inserción laboral do alumnado traballador	25
7.1. Índice de Inserción laboral.	25
7.1.1. Índice de inserción laboral global e segundo o sexo.....	25
7.1.2. Índice de inserción laboral segundo o tipo de proxecto.	26
7.1.3. Inserción laboral segundo a especialidade.	27
7.1.4. Índice de inserción laboral segundo a zona xeográfica.	28
7.1.5. Inserción laboral segundo a modalidade de inserción.....	30
7.1.6. Evolución da inserción laboral.	31
7.2. Momento no que se produce a inserción.	32

8. Contratacións do alumnado traballador	34
8.1. Número de contratacións.	34
8.2. Relación entre a especialidade formativa realizada e as contratacións.	36
8.2.1. Contratacións relacionadas a nivel global e segundo o sexo.	37
8.2.2. Contratacións relacionadas segundo o tipo de proxecto.	37
8.2.3. Contratacións relacionadas segundo a modalidade de inserción.	38
8.2.4. Contratacións relacionadas segundo a especialidade cursada e o sexo.	39
8.2.5. Contratacións relacionadas segundo a zona xeográfica.	41
8.2.6. Evolución das contratacións relacionadas.	42
8.3. Continuidade das contratacións durante o ano seguinte á finalización do proxecto.	43
8.4. Contratacións por conta allea.	45
8.4.1. Contratación por modalidade de contrato e o sexo.	46
8.4.2. Contratacións por modalidade de contrato e tipo de proxecto.	47
8.4.3. Contratacións por modalidade de contrato e zona xeográfica.	48
8.4.4. Evolución das contratacións segundo a modalidades de contrato.	49
8.5. Contratacións por conta propia.	49
8.5.1. Tipo de empresa creada e sexo.	49
8.5.2. Tipo de empresa creada e tipo de proxecto.	50
8.5.3. Tipo de empresa e zona xeográfica.	51
8.5.4. Evolución das contratacións por conta propia segundo o tipo de empresa.	51
9. Conclusións	53
Análise cuantitativa dos proxectos.	53
Análise cuantitativa do alumnado traballador.	54
Movimentos do alumnado traballador durante ao desenvolvemento dos proxectos.	54
Análise da inserción laboral do alumnado traballador.	55
Análise das contratacións do alumnado traballador.	56

1. Introducción

As escolas obradoiros e os obradoiros de emprego enmárcanse nas políticas activas de emprego encamiñadas a crear máis e mellores postos de traballo en Galicia. Trátase de programas públicos de emprego e formación nos que, a través da aprendizaxe dos coñecementos teórico-prácticos propios dunha ocupación e a adquisición de experiencia laboral na realización dunha obra ou servizo de utilidade pública e interese social, preténdese favorecer a inserción laboral daquelas persoas desempregadas con maiores dificultades de empregabilidade.

Sendo a inserción laboral un dos obxectivos prioritarios destes proxectos é necesario tomala como principal indicador para a avaliación do grao de éxito ou fracaso dos mesmos na mellora da ocupabilidade das persoas desempregadas, especialmente en termos de “inserción laboral vinculada coa especialidade e desagregada por sexos”. O que non significa esquecer que a través destes proxectos pódense lograr resultados, cando menos, importantes para as persoas participantes e que tamén precisarían ser incluídos como indicadores avaliativos, tales como: reconducir ao sistema educativo; incrementar habilidades persoais, sociais e profesionais; ofrecer, especialmente no caso das mulleres, a posibilidade de acceder a un primeiro emprego ou de recualificarse tras un amplo período fóra do mercado laboral debido a responsabilidades familiares, etc.

En todo caso, o que se está a realizar nestes momentos cara a avaliación destes programas basease exclusivamente na análise dos índices de inserción laboral do alumnado traballador a través do seguimento que a Sección de Escolas Obradoiros da Delegación Provincial da Consellería de Traballo leva a cabo en cada un dos proxectos que se desenvolven no noso territorio tanto durante a súa realización como ao remate do mesmo. Información que é recompilada mediante uns cuestionarios de inserción laboral cumprimentados aos 6 e aos 12 meses do remate dos proxectos.

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento da MAIV que ten entre as súas funcións a avaliación dos proxectos de escolas e obradoiros de emprego, presenta este informe sobre “a Inserción no programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego da Provincia de Pontevedra (2002-2004)” como primeira aproximación ao labor avaliador. Ao longo deste documento exponse e analízase a información recollida nos cuestionarios¹ de inserción do alumnado traballador que participou nos proxectos rematados no período 2002-2004 e, polo tanto, reflicte uns resultados cuantitativos -cifras e gráficos- que precisarían doutras técnicas e instrumentos de recollida de datos para establecer valoracións cualitativas.

¹ Cuestionario no que non se recollen preguntas abertas dirixidas a que o alumnado traballador exprese opinións respecto ao proceso de cualificación no proxecto e á inserción laboral.

2. Consideracións metodolóxicas

Para a realización do presente informe empregáronse dúas fontes diferentes, os cuestionarios elaborados e utilizados pola Consellería de Traballo e os datos do observatorio de escolas e obradoiros² da UPD da MAIV.

Os cuestionarios empregáronse para realizar o seguimento do índice de inserción do alumnado traballador. A información recollida reflicte os resultados de inserción durante o desenvolvemento dos proxectos e no primeiro e segundo semestre posterior á súa finalización.

Polo tanto, á hora de deseñar o presente informe tívose que utilizar tamén a base de datos do Observatorio de Escolas e Obradoiros nutrida cos cuestionarios de inicio e finalización que a UPD-MAIV remite periodicamente aos proxectos de formación e emprego que se desenvolven na provincia de Pontevedra e nos que se contempla información que complementa á dos cuestionarios de inserción.

Aínda así, existen algunhas lagoas informativas nos datos analizados, como por exemplo o feito de que non se puido obter información sobre a distribución do alumnado traballador segundo o sexo e a especialidade.

Ao longo dos apartados seguintes vaise debullando a información sobre a inserción do alumnado traballador nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego que se levaron a cabo na provincia de Pontevedra durante os anos 2002-2004, de acordo coas seguintes definicións:

- **Actividades económicas:** ao longo deste informe empregouse a agrupación de actividades económicas recollidas no SIC, que é un sistema que establece un conxunto xerarquizado de actividades económicas que poida ser utilizado para favorecer a elaboración de estatísticas nacionais e clasificar as unidades estatísticas e entidades segundo a actividade económica exercida.

² <http://www.maiv.org/upd/observatorio/directorio/>

O SIC ten un nivel de desagregación de 4 díxitos, pero para facer este estudo só se empregaron os dous primeiros niveis de desagregación quedando as seguintes categorías:

- AA: agricultura, silvicultura, gandería e pesca
- CO: construción
- FA: fabricantes
- SE: servizos

AA	Medio ambiente
	Recuperación-interpretación medioambiental
	Restauración de áreas degradadas
	Silvicultura
	Traballador/a forestal
	Traballador/a forestal-medio ambiente
	Viveirismo
	Xardinaria
	Xardinaria-medio ambiente
	Xardinaria-Traballador/a forestal
CO	Albanelaría
	Cantaría
	Cantaría-mampostería
	Construción
	Fontanaría-electricidade
	Carpintaría
FA	Forxa-cerrallaría
	Forxa
	Ebanistaría
SE	Prevención de riscos laborais
	Axuda a domicilio
	Monitor/a turístico

- **Alumnado traballador:** persoas que participaron nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego, independentemente do tempo que permanezan no proxecto.
- **Aprobado en resolución:** número de prazas de alumnado traballador concedidas pola resolución na que se aprobou o proxecto.
- **Causas de abandono:** razóns que motivan a un alumno ou alumna traballadora a deixar o proxecto antes do seu remate. As causas de abandono están divididas en catro categorías:
 - Inadaptación: debido á falta de adaptación á disciplina do proxecto.
 - Colocación: abandono por contratación no mercado de traballo.
 - Outras: abandono por razóns distintas das anteriores.
 - Descoñecidas: abandono por motivos non coñecidos ou sen especificar.

- **Continuidade:** situación na que se atopa o alumnado traballador que se colocou no primeiro semestre posterior á data de finalización do proxecto, e que continua traballando no semestre seguinte. A tipoloxía da continuidade depende de tres variables, como son o posto de traballo, o tipo de contrato e a empresa.
- **Contratación:** aínda que normalmente se emprega para falar de colocacións por conta allea, neste estudo considérase como aquela situación na que unha persoas causa alta na seguridade social, ben por conta allea ou por autoemprego. Polo tanto, ao facer o recuento do número de contratacións estase tendo en conta o número de contratos ou proxectos empresariais xerados nun período determinado.
- **Contratación relacionada:** cando a ocupación ou a actividade empresarial, obxecto de alta na seguridade Social, é igual ou semellante (en funcións) que a ocupación da especialidade cursada na escola ou obradoiro.
- **Inserción:** situación na que se atopa unha persoa participante nun proxecto de EO/OE que tivo algún contrato por conta allea, ou algunha experiencia de autoemprego durante o período analizado. Polo tanto, naqueles casos en que unha persoa tivo máis dun contrato ou experiencia en autoemprego compútase como unha única inserción.
- **Índice de inserción:** relación entre o número de persoas colocadas e o alumnado traballador que participou nos proxectos.

$$\frac{\text{Número de insercións}}{\text{Alumnado traballador}} \times 100$$

- **Índice de rotación:** relación entre o alumnado traballador que participou na escola ou obradoiro e o número de prazas aprobadas na resolución de concesión do proxecto. É un indicativo das rotacións que houbo no proxecto debido a diferentes causas (inadaptación, colocación, etc.).

$$\frac{\text{Alumnado traballador}}{\text{Aprobado por resolución}} \times 100$$

- **Índice de contratacións relacionadas:** proporción de contratacións, por conta allea e autoemprego, que están en consonancia coa especialidade desenvolvida polo alumnado traballador respecto ao total de contratacións.

$$\frac{\text{Número de contratacións relacionadas}}{\text{Número total de contratacións}} \times 100$$

- **Índice de insercións por autoemprego:** proporción de insercións por autoemprego respecto ao total de insercións.

$$\frac{\text{Número de insercións por autoemprego}}{\text{Número total de insercións}} \times 100$$

- **Índice de insercións por conta allea:** proporción de insercións por conta allea respecto ao total de insercións.

$$\frac{\text{Número de insercións por conta allea}}{\text{Número total de insercións}} \times 100$$

- **Índice de participación feminina:** proporción de mulleres participantes nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego respecto do total do alumnado traballador.

$$\frac{\text{Mulleres participantes}}{\text{Alumnado traballador}} \times 100$$


- **Índice de participación masculina:** proporción de homes participantes nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego entre o total do alumnado traballador.

$$\frac{\text{Homes participantes}}{\text{Alumnado traballador}} \times 100$$

3. Área xeográfica de análise

A área de análise do seguimento da inserción laboral do alumnado traballador son os concellos da provincia de Pontevedra, territorio no que se estiveron a desenvolver un total de 46 proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego durante o período 2002-2004. De conxunto de proxectos contouse con datos, máis ou menos completos, de 44 deles, polo que a representatividade da información obtida é elevada (95,6%).

Distribución dos Proxectos de EO/OE na provincia de Pontevedra por Concello
 2002 - 2004



Fonte: Elaboración Propia

Para a realización da análise dos cuestionarios de inserción dividiuse o territorio provincial en varias zonas xeográficas, a fin de distribuílos por unidades territoriais superiores ás comarcas pero que teñen unha homoxeneidade interna en canto ás súas características e ás relacións do mercado de traballo. As **zonas xeográficas delimitadas** foron as de:

ZNI: zona norte interior.

Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes (Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces, Cerdedo, Estrada (A) e Forcarei).

ZNC: zona norte costeira.

Comarcas de Caldas e O Salnés (Caldas de Reis, Catoira, Cuntis, Moraña, Pontecesures, Portas, Valga, Cambados, Grove (O), Illa de Arousa (A), Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa).

ZC: zona centro.

Comarcas de Pontevedra e O Morrazo (Barro, Campo Lameiro, Cotobade, Lama (A), Poio, Ponte Caldelas, Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Pontevedra e Vilaboa).

ZV: zona de Vigo.

Mancomunidade de Vigo (Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Porriño (O), Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo).

ZSI: zona sur interior.

Comarcas de O Condado e A Paradanta (Mondariz, Mondariz-Balneario, Neves (As), Pontearreas, Arbo, Cañiza (A), Covelo e Crecente).

ZSC: zona sur costeira.

Comarca de O Baixo Miño (Guarda (A), Oia, Rosal (O), Tomiño e Tui).


4. Análise cuantitativa dos proxectos

4.1. Número total de proxectos segundo o tipo de programa.

A continuación ofrécese información dos 44 proxectos de escolas e obradoiros que se desenvolveron na provincia de Pontevedra durante o período 2002-2004 e dos que se conseguiu información.

A distribución destes proxectos por tipoloxía foi de 15 escolas obradoiro e 29 obradoiros de emprego, o que inclina a balanza do lado dos obradoiros que durante estes tres anos representaron o 65,91% dos proxectos.

Distribución dos proxectos de EO/OE na Provincia de Pontevedra segundo o tipo de programa 2002-2004




Fonte: Elaboración propia. 2006

4.2. Número total de proxectos segundo a zona xeográfica.

Por zonas xeográficas da Provincia de Pontevedra, foron a zona centro e a comarca de Vigo as que tiveron un maior número de proxectos, 14 e 11, respectivamente, seguidas das zonas Norte Costeira e Interior, onde se realizaron 7 e 6 proxectos. En cambio, nas zonas Sur Costeira e Interior, só se levaron a cabo 5 e 1 proxectos.

Distribución dos proxectos de EO/OE na provincia de Pontevedra segundo a zona xeográfica 2002-2004




Fonte: Elaboración Propia. 2006

Polo tanto, na franxa costeira da provincia de Pontevedra é onde se desenvolveron un maior número de escolas e obradoiros, acadando a cifra de 37, o que ven a representar o 84,10% dos proxectos desenvolvidos en territorio pontevedrés.

4.3. Número de total de proxectos segundo a especialidade.

Ademais, ao analizar as especialidades cursadas nas escolas e nos obradoiros durante o período 2002-2004, obsérvase que as especialidades que máis se repetiron foron as relacionadas coas actividades da construción, que supuxeron máis do 74% das especialidades impartidas nestes proxectos durante este período. A esta, seguíronlle en importancia as especialidades relacionadas coas actividades da *agricultura, silvicultura, gandería e minaría*, acadando unhas porcentaxes de representatividade do 12,27%. En cambio, as especialidades relacionadas coas actividades de *fabricación* e dos *servizos*, non acadan a porcentaxe do 2%.



Fonte: Elaboración propia. 2006

A nivel de programas, tamén se repinten estes datos, constituindo as especialidades relacionadas coas actividades da *construción* e da *agricultura, silvicultura, gandería e pesca* as máis características dentro de cada grupo, e tendo o resto de especialidades unha presenza moi baixa.

Especialidades desenvolvidas nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra 2002-2004		
Especialidade	Nº proxectos	% Total
Carpintaría	39	23,93%
Albanelaría	34	20,86%
Cantaría	28	17,18%
Xardinaría	14	8,59%
Fontanaría-electricidade	11	6,75%
Construción	8	4,91%
Xardinaría-medio ambiente	8	4,91%
Forxa-cerrallaría	3	1,84%
Axuda a domicilio	2	1,23%
Medio ambiente	2	1,23%
Restauración de áreas degradadas	2	1,23%
Traballador/a forestal	2	1,23%
Cantaría-mampostería	1	0,61%
Ebanistaría	1	0,61%
Forxa	1	0,61%
Monitor/a turístico	1	0,61%
Prevenición de riscos laborais	1	0,61%
Recuperación-interpretación medioambiental	1	0,61%
Silvicultura	1	0,61%
Traballador/a forestal-medio ambiente	1	0,61%
Viveirismo	1	0,61%
Xardinaría-Traballador/a forestal	1	0,61%
	163	100%

Fonte: Elaboración propia. 2006

Ao baixar no nivel de desagregación das familias profesionais, isto é, ao das especialidades, obsérvase que a que ten maior presenza no programa de escolas e obradoiros é a de *carpintaría*, que se impartiu en 39 proxectos (23,93%), seguida das de *albanelaría* con 34 (20,86%), *cantaría* con 28 (17,18%), *xardinaría* con 14 (8,59%) e *fontanaría-electricidade* con 11 (6,75%). O resto de especialidades están por baixo da cifra do 6%, aínda que hai que ter en conta que se agrupamos as de *xardinaría*, *xardinaría-medio ambiente* e *xardinaría-traballador/a forestal*, estaría presente en 23 proxectos e polo tanto acadaría unha porcentaxe do 14,11%. Algo parecido pasa coas especialidades de *cantaría* e *cantaría-mampostaría*, que xuntándoas estarían presentes en 29 proxectos, supondo o 17,79%.

Especialidades máis desenvolvidas nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo o tipo de proxecto 2002-2004					
EO			OE		
especialidade	Nº proxectos	%	especialidade	Nº proxectos	%
Carpintaría	15	23,81%	Carpintaría	24	24,00%
Albanelaría	14	22,22%	Albanelaría	20	20,00%
Cantaría	14	22,22%	Cantaría	14	14,00%
Xardinaría	8	12,70%	Fontanaría-electricidade	8	8,00%
Xardinaría-medio ambiente	3	4,76%	Construción	7	7,00%
Fontanaría-electricidade	3	4,76%	Xardinaría	6	6,00%
Medio ambiente	1	1,59%	Xardinaría-medio ambiente	5	5,00%
Viveirismo	1	1,59%	Restauración de áreas degradadas	2	2,00%
Forxa-cerrallaría	1	1,59%	Traballador/a forestal	2	2,00%
Construción	1	1,59%	Forxa-cerrallaría	2	2,00%


Fonte: Elaboración propia. 2006

Ao analizar o listado das 10 especialidades con maior presenza nas escolas obradoiro e nos obradoiros de emprego, pódense apreciar varias similitudes e diferenzas. En primeiro lugar, nos tres primeiros postos a orde de importancia das especialidades é a mesma: *carpintaría*, *albanelaría* e *cantaría*. Posteriormente, a situación xa varia e as tres seguintes xa non teñen a mesma ordenación, posto que nas escolas teñen máis importancia as relacionadas coa *xardinaría*, mentres que nos obradoiros son as de *fontanaría* e *construción* as que teñen un peso maior.

Ademais, aprécianse diverxencias entre os dous listados respecto á presenza de especialidades posto que en escolas aparecen as de *viveirismo e medio ambiente*, que non reflicte o listado dos obradoiros, e no caso do listado dos obradoiros noméanse especialidades de *traballador/a forestal e restauración de áreas degradadas*, que non están no outro.

4.4. Evolución cronolóxica do nº de proxectos segundo o tipo de programa.

Analizando a evolución cronolóxica do número de proxectos durante o período 2002-2004, obsérvase un descenso tanto no número das escolas obradoiro como no dos obradoiros de emprego, sendo máis acusado nos primeiros. Así, no caso das escolas obradoiro pasouse de haber 7 que finalizaran no ano 2002, a tan só 4 que rematasen no 2004; mentres que para os obradoiros de emprego a redución foi de 10 a 9.




Fonte: Elaboración propia. 2006

5. Análise cuantitativa do alumnado traballador

5.1. Número de persoas segundo o sexo e o tipo de programa.

O colectivo analizado neste estudo é de 2.235 alumnos e alumnas traballadoras que pasaron polas aulas dos 44 proxectos de formación e emprego da provincia de Pontevedra que se desenvolveron no período 2002-2004 e dos que se obtiveron datos. Isto dá unha media de 50,8 persoas por proxecto.

Número de alumnos/as nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo o sexo e o tipo de programa 2002-2004



Fonte: Elaboración propia. 2006


Este alumnado traballador proviña na súa meirande parte dos obradoiros de emprego nos que se capacitaron durante este período a un total de 1.207 persoas, supondo o 54,00%. Mentres que nas escolas obradoiro capacitáronse 1.038 persoas, alcanzando unha porcentaxe 46,00%.

Ao analizar a composición do alumnado traballador por sexo, obsérvase que no total de proxectos de escolas e obradoiros, hai unha distribución equitativa entre homes e mulleres. Aínda que ao baixarse ao nivel do tipo de proxectos, compróbase que nas escolas obradoiro a proporción de homes (62,42%) é maior que a de mulleres (37,58%), mentres que nos obradoiros de emprego hai moitas máis mulleres (61,23%) que homes (38,77%).

5.2. Número de persoas participantes segundo a zona xeográfica.

Ao estudar a distribución do alumnado traballador nos proxectos por zonas xeográficas da provincia de Pontevedra, obsérvase que onde maior número de persoas se capacitaron nun proxecto destas características foi na zona centro, acadándose unha cifra de 787 persoas participantes, o que representa o 35,21% do total. A esta séguelle en importancia a zona de Vigo, onde participaron 556 persoas, o que supuña o 24,87%.

Distribución do alumnado traballador nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo a zona xeográfica 2002-2004



Fonte: Elaboración Propia. 2006

Por detrás destas dúas zonas, atópanse as zonas Norte-Costeira e Norte-Interior, acaparando cada unha delas máis do 12% do alumnado traballador. Mentres que na suma das zonas Sur-Costeira e Sur Interior só participaron 271 persoas, o que supuña o 12,13%, salientando o pouco peso que ten a zona Sur-Interior na que só tiveron a oportunidade de acceder a unha escola ou obradoiro 32 persoas.

Ao dividir a Provincia de Pontevedra en dúas áreas, en función da súa situación xeográfica, diferenciando unha zona costeira e outra interior, obsérvase que a costeira tivo un maior peso no programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, acaparando ao 86,04% do alumnado traballador.

Pondo en relación o número de persoas participantes nos proxectos e o número de proxectos executados nas zonas anteriormente mencionadas, temos un indicador cuantitativo das persoas participantes por proxecto.

Distribución do alumnado traballador por proxecto e zona xeográfica da Provincia de Pontevedra 2002-2004			
Zona xeográfica	Nº proxectos	Nº alumnos/as	Alumnos/as por proxecto
Zona Centro	14	787	56,21
Zona de Vigo	11	556	50,54
Zona Norte Costeira	7	341	48,71
Zona Norte Interior	6	280	46,60
Zona Sur Costeira	5	239	47,80
Zona Sur Interior	1	32	32,00
	44	2.235	50,79


Fonte: Elaboración propia. 2006

Deste xeito, tense unha cifra de 50,79 alumnos e alumnas traballadoras por proxecto, para o total de proxectos desenvolvidos na provincia de Pontevedra durante os anos 2002-2004. Por riba desta cifra atópase a zona Centro, que foi a que tivo un promedio de participantes maior. A zona de Vigo está lixeiramente por baixo da media, mentres que no resto esta cifra estivo en torno aos 48 alumnos e alumnas traballadoras, agás para o caso da zona Sur-Interior onde a cifra foi de 32.

5.3. Evolución do alumnado traballador segundo o sexo e o tipo de programa.

Analizando a evolución cronolóxica do número de persoas participantes nos proxectos que remataron entre os anos 2002 e 2004, observouse un forte descenso, pasando de haber 847 alumnos e alumnas traballadoras no 2002 a 531 no 2004, o que supuxo unha diminución do 37,31%.

Evolución do alumnado traballador nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo o tipo de proxecto 2002-2004



A Fonte: Elaboración propia. 2006 nivel de sexos, tamén se observa que tanto para os homes como para as mulleres houbo unha caída nas cifras globais,


aínda que esta diminución foi maior para os homes, pois pasaron de 532 a 239 participantes, o que supuxo unha caída porcentual do 55,08%, mentres que as mulleres pasaron de 315 a 292 participantes, supondo unha diminución do 7,30%.

Analizando a evolución do número de alumnos e alumnas traballadoras por tipoloxía, apreciase que o descenso non se repartiu do mesmo xeito nos diferentes programas, así, as escolas obradoiros foron as que experimentaron unha maior caída, reducindo o seu número de alumnado traballador nun 62,39%, mentres que os obradoiros de emprego só viron diminuír o número de persoas nun 10,71%.

No caso das escolas obradoiro, a caída do número de alumnos e/ou alumnas traballadoras afectou tanto aos homes como ás mulleres, sendo un pouco maior no caso das mulleres (65,67%) que no dos homes participantes (60,93%).

Para os obradoiros de emprego deuse un efecto contradictorio, posto que mentres que os homes reducían o seu número nun 47,39%, as mulleres aumentaban os efectivos un 35,91%, o que significa que cara ao final do período había máis presenza feminina que masculina.

Evolución do alumnado nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra
segundo a zona xeográfica
2002-2004



Fonte: Elaboración propia. 2006

Ao analizar a evolución do número de proxectos de escolas e obradoiros por zonas xeográficas pódese observar como na maioría dos territorios a evolución foi á baixa, agás para a zona Sur-Interior que partía dunha situación na que non había ningún proxecto e, polo tanto, tivo un importante aumento no número de persoas participantes.

No caso da zona Centro, o número de proxectos experimentou un ascenso no ano 2003 e posteriormente caeu no número de alumnado traballador, de xeito que no 2004 a cifra era un 18,80% menor que a do 2003 pero un 23,92% maior que a do 2002.

Na zona Vigo, o número de proxectos experimentou un ascenso no ano 2003 e posteriormente caeu no número de alumnado traballador, de xeito que no 2004 as cifras eran un 55,98%, menores que as do 2002.

Pero a zona que experimentou un maior descenso no número de alumnado traballador, foi a Norte-Costeira, que pasou dunha cifra similar a das dúas anteriores, a ter un só proxecto con 30 persoas, polo que a caída foi do 85,29%. Na zona Sur-Costeira o descenso tamén foi bastante importante, pasando de 93 a 32 alumnos e alumnas traballadoras, o que supón unha redución do 65,59%.

Por último, a zona Norte-Interior experimentou un descenso menor que as dúas zonas anteriores, xa que pasou de ter 132 a 86 alumnos e alumnas traballadoras, o que supuxo un descenso do 34,85%.

As caídas no número de alumnado traballador nas distintas zonas xeográficas manifestáronse, sobre todo, nun descenso do número de homes, pasándose dunha situación onde na maior parte das zonas predominaba a presenza masculina que roldaba en torno ao 60% (agás para a zona Sur-Costeira), a outra onde as mulleres se converteron en colectivo prioritario e, polo tanto, empezaron a ser maioría na meirande parte das zonas xeográficas.


6. Movimentos do alumnado traballador durante o desenvolvemento dos proxectos

Neste apartado estúdanse os movementos de altas e baixas que houbo nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego durante o período 2002-2004, analizando a información mediante un índice de rotación, que pon en relación o número de alumnos e alumnas traballadoras co de aprobados por resolución, así como a través das baixas producidas e as súas causas.

6.1. Índice de rotación nos proxectos.

Durante o desenvolvemento dunha escola ou obradoiro vai pasando alumnado traballador que permanece nel durante todo o seu ciclo formativo e outro, que por diversos motivos, causa baixa no proxecto. Debido a estas persoas na maior parte dos proxectos a cifra de alumnado traballador é maior que a de prazas aprobadas por resolución.

Alumnado traballador aprobado por resolución e participante nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra 2002-2004



Fonte: Elaboración propia. 2006

Polo tanto, pódese dicir que nos proxectos de escolas ou obradoiros existe unha rotación das persoas participantes, que se pode medir a través dun índice, pondo en relación os conceptos de alumnado traballador durante o proxecto e o número de prazas aprobadas na resolución.

Índice de rotación nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra 2002-2004			
Ano	EO	OE	Total
2002	139,3%	104,6%	120,0%
2003	148,6%	102,6%	121,4%
2004	149,1%	104,6%	115,2%
2002-2004	144,6%	103,9%	119,3%

Fonte: Elaboración propia. 2006

Durante o período 2002-2004 o índice de rotación no total dos proxectos foi de 119,3%, o que indica que por eles pasaron un 19,3% máis de persoas que as que estaban previstas nun principio pola resolución de concesión da subvención que sufraga os seus custos. Estas persoas, que se incorporaron ao proxecto unha vez iniciado este, viñeron a cubrir baixas de alumnado traballador que abandonou o proxecto antes da súa finalización debido a diferentes causas, como son a inadaptación, a colocación ou outras razóns diversas que se estudan máis adiante.

Diferenciando o tipo de proxectos, obsérvase que o índice de rotación foi moito maior no caso das escolas obradoiro, que acadaron un nivel medio no 2002-2004 do 144,6%, que no dos obradoiros de emprego, que estaban no 103,9%.


Ademais, ao analizar a evolución deste índice de rotación, obsérvase que a nivel do global de proxectos experimentou unha recesión durante o 2002-2004, pasando dunha cifra do 120,0% a 115,2%, o que comporta un descenso do 4%. Este descenso hai que achacarllo á diminución do número global de alumnos e alumnas traballadoras e ao incremento na representatividade do alumnado traballador dos obradoiros de emprego, que tal e como se viu antes teñen un índice de rotación menor. Deste xeito, o índice de rotación amosou un leve retroceso no caso das escolas obradoiro, pasando do 139,3% ao 138,0%, mentres que nos obradoiros de emprego se mantivo no nivel do 104,6%.

6.2. Os abandonos producidos durante os proxectos e as súas causas.

Para o estudo das causas de abandono do alumnado traballador nestes proxectos empregouse a clasificación realizada pola Consellería de Traballo, na que se diferencia entre as seguintes causas de abandono: por inadaptación, por colocación, por outras causas e por causas descoñecidas.

6.2.1. Número de abandonos segundo as causas e o sexo.

Durante os anos 2002-2004 causaron baixa nos proxectos de escolas e obradoiros da provincia de Pontevedra un total de 607 persoas participantes, o que supuxo o 27,16% do alumnado traballador que pasou polos proxectos. As causas maioritarias destes abandonos foron a de “outras causas” e a “colocación”, que supuxeron o 47,78% e o 47,28% dos abandonos do período. Mentres que as outras dúas causas (“Inadaptación” e “descoñecida”) tiveron un baixo peso nas causas de abandono, acadando entre as dúas a porcentaxe do 4,94%.



Fonte: Elaboración propia. 2006


Ao analizar as razóns de abandono nos proxectos de escolas e obradoiros por sexos, obsérvase que os homes foron os que presentaron un maior número de abandonos, acadando unha cifra de 387 casos, o que supuxo o 34,68% dos homes participantes nos proxectos durante o período 2002-2004. Mentres que para as mulleres o número foi de 220, supondo o 19,66% das mulleres participantes durante ese mesmo período de tempo.

As tipoloxías de abandono por “outras causas” e “colocación” foron as que tiveron un maior peso tanto para os homes como para as mulleres, sendo máis importante a de “colocación” para os primeiros (48,58%), e a de “outras causas” para as segundas (52,73%).

6.2.2. Número de abandonos segundo o tipo de proxecto.

Por tipo de proxecto, foron nas escolas obradoiro onde aconteceron o maior número de baixas con 499, o que supuxo o 48,54% do alumnado traballador que participou neste tipo de proxectos durante o período 2002-2004. As xustificacións dos abandonos centráronse maioritariamente en “outras causas” e “colocación”, cunhas porcentaxes do 49,50% e do 44,89%, respectivamente.

Número de abandonos nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo o tipo de proxecto e as causas




Fonte: Elaboración propia. 2006

Mentres que nos obradoiros de emprego o número de abandonos durante ese mesmo período foi de 108, o que supuxo o 8,95% do alumnado traballador. Nestes proxectos as baixas déronse por “colocación” e “outras causa”, que representaron o 58,33% e o 39,81% respectivamente.

6.2.3. Evolución do número de baixas.

Ao analizar a evolución das baixas e as súas causas, pódese ver que no período 2002-2004, houbo un descenso global das mesmas, pasando das 231 do ano 2002, ás 117 do ano 2004, o que supuxo unha diminución do 49,35%.


Evolución do número de baixas nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra por tipo de causas
2002-2004




Fonte: Elaboración propia. 2006

Esta mesma evolución pódese ver en practicamente todas as causas de abandono, sendo a de “outras causas” a que experimentou un maior descenso (55,20%), seguida da de “colocación” (54,72%). A causa de “inadaptación”, pasou dunha situación inicial na que non había ningún

caso, a ter un reponte no ano 2003 con 14 casos, para posteriormente acabar o 2004 con 13 casos. Mentres que a causa “descoñecida” comezou e finalizou o período sen ningún caso e tan só no ano 2003 se deron 3 baixas.



Por sexos, a evolución das baixas tamén seguiu a mesma dinámica que a nivel global, sendo o descenso maior nos homes (50,93%) que nas mulleres (45,71%). No caso das mulleres, dáse a particularidade de que no ano 2003 houbo un reponte do número de baixas que acadaron un máximo de 112, pero posteriormente, no ano 2004 o descenso do número de baixas fixo que se situasen nun nivel inferior ao do ano 2002.



Analizando a evolución das baixas por tipo de proxectos, pódese ver como mentres que as escolas obradoiro experimentaron un descenso no número de baixas nun 59,90%, os obradoiros de emprego aumentárono nun 11,73%.

7. Inserción laboral do alumnado traballador

Este apartado abarca o estudo dos niveis de inserción laboral, analizando como se produce, en que características e condicións se desenvolve, o momento en que ten lugar a colocación, o tipo de emprego que se produciu, así como un estudo da evolución destes datos ao longo dos anos 2002, 2003 e 2004.


Na análise de todas estas variables estableceuse unha desagregación por sexos e tipo de programa, dada a súa importancia e incidencia sobre os resultados da inserción. Así mesmo, tamén se fixo unha desagregación por zonas xeográficas, xa que o dinamismo e as características da economía non son uniformes en todo o territorio da Provincia de Pontevedra.

7.1. Índice de Inserción laboral.

7.1.1. Índice de inserción laboral global e segundo o sexo.

Dos 2.235 alumnos e alumnas traballadoras que pasaron polos proxectos de escolas e obradoiros da provincia de Pontevedra durante o período 2002-2004 atoparon emprego, tanto durante o proxecto como durante o ano posterior á finalización do proxecto, unhas 1.297 persoas, o que ven a supor que o 58,03% das persoas participantes se inseriron no mercado laboral, ben por conta allea, ben por conta propia. Agora ben, dentro desta porcentaxe contéplase todo tipo de insercións, sexan relacionadas ou non coa especialidade cursada durante o proxecto, e polo tanto dentro das causas destas colocacións están factores que teñen que ver co funcionamento e coas habilidades adquiridas dentro dos proxectos, e outros factores que están relacionados co dinamismo do mercado de traballo e da economía da zona.

Inserción laboral do alumnado traballador dos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo sexo 2002-2004




Fonte: Elaboración propia. 2006

Por outra banda, ao fixarse no sexo do alumnado participante inserido no mercado de traballo, obsérvase como os homes teñen maiores facilidades para a inserción que as mulleres, posto que o 63,44% dos homes participantes atoparon un emprego ou iniciaron unha actividade empresarial, mentres que no caso das mulleres a porcentaxe foi do 52,64%.

7.1.2. Índice de inserción laboral segundo o tipo de proxecto.

Analizando a inserción por tipo de proxecto, pódese observar como a porcentaxe foi maior para as escolas obradoiro que para os obradoiros de emprego, posto que durante o período analizado un 63,62% dos participantes nas escolas obradoiro atoparon un emprego, mentres que no caso dos obradoiros de emprego a porcentaxe foi do 53,27%.

Inserción laboral do alumnado traballador dos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo tipo de proxecto e sexo 2002-2004




Fonte: Elaboración propia. 2006

Dentro dos diferentes grupos de homes e mulleres participantes nos proxectos de escolas e obradoiros tamén existen diferenzas, sendo os homes participantes nas escolas obradoiro os que teñen unha maior porcentaxe de inserción (66,05%), seguido dos homes participantes en obradoiros de emprego (59,83%). Por último, as mulleres participantes nas escolas obradoiro e nos obradoiros de emprego, foron as que tiveron unhas porcentaxes de inserción menores, cunhas cifras do 59,47% e do 49,12%, respectivamente.

7.1.3. Inserción laboral segundo a especialidade³.

Ao analizar a inserción laboral por familia profesional, pódese observar que as especialidades relacionadas coa actividade da construción foron as que tiveron un maior número de insercións (714), o que é bastante normal posto que tamén foron as especialidades nas que participaron un maior número de persoas. Por detrás desta familia profesional, atópanse as dos fabricantes e as de agricultura, silvicultura, gandería e pesca, nas que o número de insercións acadaron as cifras de 318 e 227. Por último, as especialidades relacionadas coas actividades de servizos foron as que tiveron un menor número de insercións, pois tan só contaron con 32.



Por sexos, tamén se seguiu esta orde de número de insercións, coa salvidade de que nos homes destacan as familias profesionais da construción e dos fabricantes, mentres que o número de insercións das mulleres é maioritario nas familias da agricultura, silvicultura, gandería e pesca, así como na dos servizos.

³ Neste apartado non se pode obter un índice de inserción laboral por especialidade debido a que non se dispón de datos de alumnado participante en cada unha das especialidades.

Inserción laboral nas 10 especialidades con maior número de persoas inseridas nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra 2002-2004			
Especialidade	Homes	Mulleres	Total
Albanaría	210	82	292
Carpintaría	153	137	290
Cantaría	160	111	271
Xardinaría	37	136	173
Construción	48	28	76
Fontanaría-electricidade	37	8	45
Forxa	21	6	27
Electricidade	15	4	19
Viveirismo	4	13	17
Recuperación-interpretación medioambiental	3	12	15


Fonte: Elaboración propia. 2006

Ao analizar a inserción nas especialidades máis impartidas nos proxectos de escolas e obradoiros que se desenvolveron na provincia de Pontevedra durante o período 2002-2004, obsérvase que a importancia do número de insercións segue practicamente a mesma orde que o listado de número de proxectos nos que se impartían as especialidades. Deste xeito, os catro primeiros postos, ocúpanos as especialidades de albanaría, carpintaría, cantaría e xardinaría, que acaparon entre todas elas o 79,11% das colocacións levadas a cabo durante estes anos. O resto de especialidades non pasaron da cifra das 100 colocacións, chamando a atención as catro últimas (Forxa, Electricidade, Viveirismo e Recuperación-interpretación medioambiental), que non pasaron ningunha delas das 30 colocacións.

7.1.4. Índice de inserción laboral segundo a zona xeográfica.

Tendo en conta o número de colocacións por zonas xeográficas da Provincia de Pontevedra, obsérvase que foi a zona centro a que acapou un maior número de insercións, con 452 persoas colocadas, o que a nivel porcentual supuxo un 34,85%.

Inserción laboral nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra
segundo a zona xeográfica
2002-2004



Fonte: Elaboración propia. 2006

Por detrás, atopábanse as zonas de Vigo e a Norte-Costeira, onde o número de insercións estivo por riba das 200, acaparando ao 21,51% e ao 18,12% das persoas inseridas. Mentres que as zonas Norte-Interior e Sur-Costeira, amosaron un número de persoas colocadas superior aos 100, e cunhas porcentaxes de representatividade a nivel provincial do 10,72% e do 12,88%, respectivamente.

Por último, na zona Sur-Interior incorporáronse ao mercado de traballo 25 persoas, o que supuxo o 1,92% do alumnado traballador de escolas e obradoiros inserido na Provincia de Pontevedra.


Non obstante, se temos en conta os índices de inserción acadados nas distintas zonas xeográficas da Provincia de Pontevedra, obsérvase como hai un cambio na orde comentada anteriormente, sendo as zonas que tiñan un menor número de insercións as que acadaron unha maior porcentaxe.

Así, en primeiro lugar atopábase a Zona Sur-Interior, cunha porcentaxe do 78,13%, seguida da Zona Sur-Costeira cun 69,87% e da Zonas Norte-Costeira, cun 68,91%.

A Zona centro situase nun posto intermedio, cunha porcentaxe de inserción do 57,43%, que é lixeiramente inferior á da Provincia de Pontevedra.

Por último, as zonas de Vigo e Norte-Interior, foron as que tiveron unha menor porcentaxe de inserción, situándose no 50,18% e no 49,64%, respectivamente.

Índice de inserción nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo a zona xeográfica 2002-2004




Fonte: Elaboración propia. 2006

En todas estas zonas xeográficas, a porcentaxe de inserción masculina foi superior á feminina, habendo maiores diferenzas nas zonas Sur-Costeira e Sur-Interior, onde estaban en torno aos 20 puntos porcentuais. Mentres que na Zona de Vigo a diferenza foi de 2,53 puntos.

7.1.5. Inserción laboral segundo a modalidade de inserción.

Ao ter en conta a modalidade de inserción, pódense dar tres casos: que as persoas inseridas só o fagan a través de contratos por conta allea, que inicien unha actividade empresarial pola súa conta ou que pasasen polas dúas situacións sucesivamente.

Distribución do número de insercións laborais nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo a modalidade de inserción 2002-2004



1. Só por conta allea
2. Só autoemprego
3. Por conta allea e autoemprego


Fonte: Elaboración propia. 2006

Deste xeito, ao analizar os datos do período 2002-2004, obsérvase que a modalidade de inserción máis empregada é a da contratación por conta allea, que supuxo o 98,15% das colocacións do alumnado traballador nos proxectos de EO/OE, na Provincia de Pontevedra. Mentres que a modalidade de autoemprego só foi escollida polo 1,77% do alumnado traballador, e a combinación sucesiva das dúas, polo 0,08%.

Por sexos, o número de insercións nas modalidades de contratación por conta allea e autoemprego é superior no caso dos homes, sendo as mulleres maioría na modalidade combinada de contratación por conta allea e autoemprego. Non obstante, as porcentaxes de representatividade de cada unha das modalidades, son practicamente iguais para homes e mulleres, con diferenzas que non pasan do medio punto porcentual.


7.1.6. Evolución da inserción laboral.

Ao analizar a evolución da inserción nos proxectos de escolas o obradoiros pódese ver como a nivel global houbo unha baixada na porcentaxe, pasando do 62,46% ao 51,60%, o que supuxo unha caída de 10,86 puntos. Esta caída tivo maior incidencia no colectivo dos homes participantes, cun descenso de 10,29 puntos, que no das mulleres, no que a porcentaxe de inserción se reduciu en 7,93 puntos.



Fonte: Elaboración propia. 2006

A nivel de tipo de proxecto obsérvase que, aínda que houbo un descenso nas insercións tanto nas escolas obradoiro como nos obradoiros de emprego, a intensidade non foi igual para os dous, sendo maior nas escolas obradoiro, que pasaron do 69,04% ao 52,44%, o que supuxo unha baixada de 16,6 puntos porcentuais. Nos obradoiros de emprego a baixada foi de 4,24 puntos porcentuais, colocando a porcentaxe de inserción no ano 2004 no 51,23%.



Fonte: Elaboración propia. 2006


7.2. Momento no que se produce a inserción.

De seguido estudase a inserción laboral do alumnado traballador nos proxectos de escolas e obradoiros tendo en conta o momento no que se produciu esta, podendo acontecer en tres períodos:

- Durante o proxecto: a data da primeira contratación ou do inicio da actividade empresarial coincide co desenvolvemento do proxecto. A persoa causa baixa no proxecto por colocación.
- No primeiro semestre: a data da primeira contratación ou do inicio da actividade empresarial coincide cos primeiros seis meses posteriores á data de finalización do proxecto.
- No segundo semestre: a data da primeira contratación ou do inicio da actividade empresarial coincide co segundo semestre posterior á data de finalización do proxecto.

Polo tanto, tomando como referencia que, por unha banda, o período de duración destes proxectos é dun máximo de dous anos nas escolas obradoiro e dun ano no caso dos obradoiros de emprego; e que, por outra banda, o tempo que se dedica a realizar o seguimento dos resultados de inserción, unha vez rematado o proxecto, dura un ano, a análise da inserción laboral pode prolongarse entre dous a tres anos.

Momento no que se produciu a inserción nos proxectos de EO/OE da
provincia de Pontevedra
2002-2004



Fonte: Elaboración propia. 2006

Analizando o momento no que se produciu a inserción, para os proxectos de escolas e obradoiros da provincia de Pontevedra que finalizaron durante o período 2002-2004, obsérvase que a maior parte das colocacións se produciron durante o primeiro semestre posterior á data de finalización dos proxectos, posto que o 55,98% do alumnado traballador que atopou un emprego ou iniciou unha actividade empresarial fíxoo neste período, mentres que o resto das colocacións están máis repartidas entre os períodos de desenvolvemento dos proxectos e o segundo semestre posterior á data de finalización dos proxectos, que concentraron ao 22,13% e ao 21,90% do alumnado inserido.

Agora ben, ao fixarse na modalidade de inserción, pódense atopar leves diferenzas entre o momento no que se insire os que o fan por conta allea dos que se decantan polo autoemprego, podendo dicirse que os segundos tardan máis tempo en conseguilo, posto que durante o proxecto só se inseriu mediante esta fórmula o 8,33%, mentres que no segundo semestre facíao o 33,33%, cando nas contratacións por conta allea as porcentaxes eran do 22,39% durante o proxecto e do 21,68% no segundo semestre. Isto fai pensar que a decisión de emprender unha actividade, ademais de ser unha opción moi meditada, necesita dun proceso de maduración longo e, dependendo a forma xurídica que se elixa, este pódese prolongar máis ou menos no tempo.

8. Contratacións do alumnado traballador


Neste apartado analízase o número de contratacións realizadas ao alumnado traballador, tanto durante o desenvolvemento do proxecto, como no ano posterior á súa data de finalización. Para isto, entendeuse por número de contratacións a cifra de contratos ou proxectos empresariais xerados nun período determinado. Polo tanto, cando se fala de número de contratacións non se está a facer un recuento de número de persoas inseridas, posto que unha persoa pode ter máis dun contrato durante o período analizado.

Ademais, ao longo dos seguintes subapartados tamén se analiza a relación entre a ocupación para a que a persoa foi contratada e a especialidade realizada no proxecto de formación e emprego, tendo en conta o sexo do alumnado traballador, o tipo de proxecto, a modalidade de inserción, a especialidade cursada e a zona xeográfica.

8.1. Número de contratacións.

O número de contratacións realizadas ao alumnado traballador que pasou polos proxectos de escolas e obradoiros desenvolvidos na provincia de Pontevedra durante os anos 2002 e 2004 ascendeu a 1.597, correspondendo o 98,50% coa modalidade de conta allea (1.573 contratacións), e tan só un 1,50% coa de autoemprego (24 contratacións).

Número de colocacións nos proxectos de EO/OE
da provincia de Pontevedra
2002-2004



Fonte: Elaboración propia . 2006

Tal e como se pode observar na anterior gráfica, foron os homes os que tiveron un maior número de contratacións, acaparando o 56,23% das mesmas cun total de 899, mentres que as mulleres acadaron unha cifra de 699, supondo o 43,77% do monto total de contratacións.

No que se refire ao tipo de proxecto, foi o alumnado traballador das escolas obradoiro o que tivo un maior número de contratacións, 806, o que supuxo o 50,47% das mesmas, mentres que os obradoiros se quedaron nas 791, representando o 49,53%.

Número de contratacións nos proxectos de EO/OE da Provincia de Pontevedra segundo a especialidade e o sexo 2002-2004			
	Homes	Mulleres	Total
Albanaría	264	98	362
Carpintaría	196	159	355
Cantaría	205	136	341
Xardinaría	47	157	204
Construción	63	32	95
Fontanaría-electricidade	45	11	56
Forxa	26	7	33
Electricidade	18	4	22
Viveirismo	4	18	22
Recuperación-interpretación medioambiental	4	15	19
Prevención de riscos laborais	7	11	18
Axuda a domicilio	1	13	14
Instalacións	5	3	8
Medio ambiente	2	5	7
Monitor turístico	0	7	7
Silvicultura	0	7	7
Traballador Forestal	1	6	7
Ebanistaría	2	4	6
Especialidade descoñecida	5	1	6
Forestal-medio ambiente	1	3	4
Restauración de áreas degradadas	2	1	3
Forxa-cerrallaría	0	1	1
Total	898	699	1597

Fonte: Elaboración propia. 2006

Se temos en conta as especialidades desenvolvidas nos proxectos de escolas e obradoiros, podemos observar como foron as relacionadas coa actividade da construción as que tiveron un maior número de contratacións: albanaría (362), carpintaría (355) e cantaría (341); acaparando o 66,25% destas. En todas estas especialidades obsérvase como a maior parte das contratacións foron realizadas a homes, salientando a de albanaría onde acapararon o 72,93% das contratacións feitas ao alumnado traballador que participou nesa especialidade.

Ao analizar estes datos hai que ter en conta que, como se puido ver no apartado 4.3, estas especialidades foron ás que tiveron unha maior presenza nos proxectos de escolas e obradoiros da Provincia de Pontevedra durante o período 2002-2004.

Outra especialidade que tivo un elevado nivel de contratación foi a de xardinaría, que acadou a cifra de 204 contratacións, supondo o 12,77% das mesmas. Esta especialidade tamén tivo unha presenza importante nos proxectos de escolas e obradoiros da provincia, aparecendo en 14 dos 44 proxectos desenvolvidos no período 2002-2004.

No resto das especialidades as cifras de contratación non pasaron de 100, acadando polo tanto unha baixa representatividade no contexto global, polo que ningunha delas chega ao 6% das contratacións totais. Pero ao analizar estas cifras hai que ter en conta que algunhas destas especialidades tiveron pouca presenza nos proxectos de escolas e obradoiros desenvolvidos na provincia, e máis concretamente as de Forxa-cerrallaría, viveirismo e medio ambiente, que só se promoveron nunha ocasión, cada unha delas, no período 2002-2004. Ademais, na meirande parte destas especialidades as cifras de contratación das mulleres foron superiores ás dos homes, como nas de monitor turístico e silvicultura, onde houbo 7 contratacións para as mulleres e ningunha para os homes.


Con todo, estes datos resultan insuficientes para determinar o grao de éxito no proceso de formación en cada unha das especialidades de cara ao logro dun posto de traballo, posto que carecemos de cifras de alumnado traballador por especialidade e polo tanto non se poden obter índices de contratación delas, o que sería moi útil á hora de programar novos proxectos máis acordes coas demandas do mercado laboral. Ademais, tamén sería necesario analizar a relación entre a ocupación obxecto de contrato e a ocupación para a que se capacitou no proxecto de escola ou obradoiro, aspecto que se vai estudar nos apartados seguintes.

8.2. Relación entre a especialidade formativa realizada e as contratacións.

Para avaliar a efectividade da formación recibida nos proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego faise necesario estudar a existencia ou non de relación entre a contratación e a especialidade na que se capacitou o alumnado traballador, posto que dese xeito pódese coñecer en que medida as capacidades adquiridas durante o desenvolvemento do proxecto favoreceron a súa inserción. Ao longo destes subapartados aparecen cifras absolutas e índices, pero debido á falta de datos concretos sobre número de alumnos e alumnas por especialidade non é posible crear un índice de contratación relacionada en cada unha delas.

8.2.1. Contratacións relacionadas a nivel global e segundo o sexo.

Pódese observar como das 1.597 contratacións realizadas a alumnos e alumnas traballadoras que pasaron polos proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego durante o período 2002-2004 (tendo en conta que cando nos referimos a contratacións estamos falando tanto das producidas por conta allea como dos casos de autoemprego) tan só 337 estaban relacionadas coas especialidades nas que se formaron ao seu paso polos proxectos de escolas ou obradoiros, o que determina unha porcentaxe de contratación relacionada do 21,10%.




Fonte: Elaboración propia. 2006

Esta porcentaxe foi moito menor no caso das mulleres que no dos homes, posto que para as primeiras acadouse unha cifra do 11,87%, mentres que para os segundos situouse no 28,29%.

8.2.2. Contratacións relacionadas segundo o tipo de proxecto.

Polo que atinxe á relación entre a contratación e a especialidade diferenciando entre escolas obradoiro e obradoiros de emprego, observouse que a porcentaxe de contratación relacionada foi maior nos primeiros, acadando unha cifra do 26,18%, mentres que para os segundos só foi do 15,93%.

Número de contratacións nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo a súa relación coas especialidades, o tipo de proxecto e a modalidade de inserción



Fonte: Elaboración propia. 2006

Deste xeito, nas escolas houbo 211 contratacións que tiveron relación coa especialidade estudada nos proxectos, das que 173 lle corresponderon aos homes e 38 ás mulleres, polo que a porcentaxe de contratación relacionada foi maior nos primeiros (31,86%) que nas segundas (14,45%).

Respecto aos obradoiros de emprego o número de contratacións relacionadas foi de 126, correspondéndolle 82 aos homes e 44 ás mulleres, o que veu a supor unhas porcentaxes do 23,03% e do 10,11%, respectivamente.

8.2.3. Contratacións relacionadas segundo a modalidade de inserción.


Ao ter en conta a modalidade de inserción, observouse que no período 2002-2004 a porcentaxe de contratación relacionada foi maior nas persoas inseridas por conta propia, que acadaron unha cifra do 41,67%, mentres que no das persoas que o fixeron por conta allea foi do 20,79%.

Así na modalidade de autoemprego houbo 10 contratacións relacionadas, que se repartiron en idéntico número e porcentaxe entre homes e mulleres, é dicir, ambos tiveron 5 contratacións que supuxeron unha porcentaxe de contratación relacionada do 41,67%. Agora ben, no caso dos homes o número de contratacións das que se descoñece a relación coa especialidade é moito maior que no das mulleres, e polo tanto, pode ser que en realidade o número de insercións relacionadas sexa superior.

Na modalidade de conta allea houbo 327 contratos relacionados, que se corresponderon con 249 para os homes e 78 para as mulleres, o que representa unha porcentaxe do 28,10% e do

11,35%, manifestándose que o mercado laboral non absorbe ás mulleres capacitadas en empregos tradicionalmente masculinos⁴.

Número de contratacións nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo a súa relación coas especialidades, a modalidade de inserción e o sexo



Fonte: Elaboración propia. 2006

8.2.4. Contratacións relacionadas segundo a especialidade cursada e o sexo.

En canto á contratación relacionada tendo en conta a especialidade cursada polo alumnado traballador, temos que, ao igual que pasaba coas especialidades que tiñan máis inserción, son as relacionadas coa actividade da construción as que lograron un maior número de contratacións relacionadas e unha maior porcentaxe con respecto ao total de contratacións. Así, a albanaría (128), a carpintaría (76), a xardinaría (38), a cantaría (32), a construción (26) e a fontanaría-electricidade (17) supuxeron as especialidades cun maior número de contratacións relacionadas, tendo ademais unhas porcentaxes altas, agás para a especialidade de cantaría que ten unha inserción inferior ao 10%.

Por debaixo destas especialidades, o número de contratacións relacionadas é moi baixo, non pasando ningunha delas dunha cifra de 10.

⁴ No cadro "Especialidades desenvolvidas nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra", páxina 8, pode observarse como ás especialidades máis comúns son as vinculadas a construción. Sinalar a excepción de xardinaría, especialidade bastante feminizada o que xustifica as cifras aportadas no cadro "Número de insercións relacionadas nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo a especialidade e sexo" mostrado no seguinte punto.

Número e índice ⁵ de contratacións relacionadas nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo a especialidade e o sexo 2002-2004						
	Número de contratacións relacionadas			Índice de contratación relacionada		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Albanelaría	123	5	128	46,6%	5,1%	35,4%
Carpintaría	55	21	76	28,1%	13,2%	21,4%
Xardinaría	12	26	38	25,5%	16,6%	18,6%
Cantaría	24	8	32	11,7%	5,9%	9,4%
Construción	21	5	26	33,3%	15,6%	27,4%
Fontanaría-electricidade	17	0	17	37,8%	0,0%	30,4%
Axuda a domicilio	0	6	6	0,0%	46,2%	42,9%
Recuperación-interpretación medioambiental	1	3	4	25,0%	20,0%	21,1%
Viveirismo	0	3	3	0,0%	16,7%	13,6%
Traballador Forestal	0	2	2	0,0%	33,3%	28,6%
Ebanistería	0	1	1	0,0%	25,0%	16,7%
Forxa	0	1	1	0,0%	14,3%	3,0%
Medio ambiente	0	1	1	0,0%	20,0%	14,3%
Prevención de riscos laborais	0	1	1	0,0%	9,1%	5,6%
Restauración de áreas degradadas	1	0	1	50,0%	0,0%	33,3%
	254	83	337	46,6%	11,9%	21,1%

Fonte: Elaboración propia. 2006

Tamén é de salientar que neste listado falten moitas especialidades, tales como electricidade, forestal-medio ambiente, forxa-cerrallaría, instalacións, monitor turístico e silvicultura, que durante o período 2002-2004 non tiveron ningunha contratación relacionada.

No que atinxe ao índice de contratación relacionada por especialidades, pódese ver como algunhas que non tiveron uns números de contratacións en xeral moi altos, pasan a un primeiro lugar en canto a porcentaxes. Así, a de axuda a domicilio (42,9%), a de restauración de áreas degradadas (33,3%) e a de traballador/a forestal (28,6%), mostraron unha gran efectividade, malia que non tiveron unha grande presenza nos proxectos desenvolvidos no

⁵ Os índices de contratación relacionada están calculados sobre o total de insercións que se produciron no alumnado traballador que desenvolveu esa especialidade.

$$\frac{\text{Número de contratacións relacionadas da especialidade}}{\text{Número total de contratacións da especialidade}} \times 100$$

período analizado. Pola contra, outras especialidades que reflicten cifras superiores en número de contratos relacionados, como por exemplo, carpintaría, xardinaría e cantaría, mostran índices de contratación relacionadas máis baixos que nos casos anteriores.

Por sexos, a situación varía posto que mentres que no caso dos homes as especialidades maioritarias son as mesmas que no cómputo total, para as mulleres caese da lista a especialidade de fontanaría-electricidade, ocupando o seu lugar a de axuda a domicilio, que contou con 6 contratacións relacionadas, tendo unha porcentaxe de contratacións relacionadas do 46,2% o que a sitúa en primeiro posto para as mulleres.

Ademais, o listado de especialidades que tiveron contratacións relacionadas foi moito menor no caso dos homes que no das mulleres, estando fóra do listado masculino as especialidades de axuda a domicilio, viveirismo, traballador Forestal, ebanistaría, forxa, medio ambiente e prevención de riscos laborais, mentres que no listado feminino só se quedan fóra as especialidades de restauración de áreas degradadas e fontanaría-electricidade.

Polo que atinxe aos índices de contratación relacionada segundo a especialidade e o sexo, pódese apreciar grandes diferenzas, posto que mentres que os homes teñen uns maiores índices en especialidades relacionadas coa construción e coa silvicultura (restauración de áreas degradadas, albanelaría, fontanaría-electricidade, construción e carpintaría), mentres que as mulleres teñen uns mellores resultados en especialidades relacionadas cos servizos e a silvicultura (axuda a domicilio, traballadora forestal, ebanistaría, recuperación e interpretación medioambiental e medio ambiente).

8.2.5. Contratacións relacionadas segundo a zona xeográfica.

Por outra banda, ao analizar a contratación relacionada por zona xeográfica, segundo os ámbitos territoriais definidos previamente, obsérvase que a Zona Centro e a Zona Norte Costeira foron as que tiveron un maior número de contratacións relacionadas, cunhas porcentaxes que superaron a cifra do 20%.

Número e porcentaxe de contratacións relacionadas nos proxectos de EO/OE da provincia de Pontevedra segundo a zona xeográfica 2002-2004								
	Contratación Relacionada		Contratación non relacionada		Descoñecida		Total	
	Zona Centro	131	22,94%	427	74,78%	13	2,28%	571
Zona de Vigo	54	16,02%	283	83,98%	0	0,00%	337	100%
Zona Norte Costeira	72	24,49%	221	75,17%	1	0,34%	294	100%
Zona Norte Interior	38	23,31%	123	75,46%	2	1,23%	163	100%
Zona Sur Costeira	38	18,72%	164	80,79%	1	0,49%	203	100%
Zona Sur Interior	4	13,79%	25	86,21%	0	0,00%	29	100%
	337	21,10%	1243	77,83%	17	1,06%	1597	100%


Fonte: Elaboración propia: 2006

A Zona de Vigo constituíuse como o terceiro territorio por volume de contratacións relacionadas, pero a súa porcentaxe foi moi baixa, supondo o 16,02%. Por detrás dela situáronse a Zona Norte Interior e a Zona Sur Costeira, co mesmo número de contratacións (38), pero con diferentes porcentaxes, sendo maior no caso da Norte Interior (23,31%) que no da Sur Costeira (18,72%).

Por último, na Zona Sur Interior só se produciron 4 contratacións relacionadas, o que supuxo o 13,79% das contratacións realizadas neste territorio durante os anos 2002 e 2004.

8.2.6. Evolución das contratacións relacionadas.

Durante o período 2002-2004 o número de contratacións relacionadas experimentou un descenso do 46,75%, pasando das 154 contratacións no ano 2002, ás 82 do ano 2004. Esta diminución estivo lixeiramente por riba da experimentada polo número total de contratacións, que durante o mesmo período pasaron de 661 a 353, supondo un descenso do 46,6%, polo que a porcentaxe de contratación relacionada practicamente non variou, pasando do 23,26% ao 23,23%.



Fonte Elaboración propia. 2006

Agora ben, se analizamos o índice de contratación relacionada segundo a modalidade de contratación pódese ver como na opción do autoemprego a porcentaxe experimentou un crecemento, pasando dun 16,67% a un 71,43%. Non obstante, na modalidade de conta allea observase un descenso do 23,21% ao 22,25%.

8.3. Continuidade das contratacións durante o ano seguinte á finalización do proxecto.


Para estudar á continuidade das contratacións, tanto por conta allea como por conta propia, que se realizaron durante o ano seguinte á finalización dos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego tívose en conta tres variables: o posto de traballo, o contrato, a empresa. Deste xeito, ao analizar estas variables e as súas combinacións nas contratacións feitas no primeiro semestre posterior ao da finalización do proxectos e que tiveron algún ou varios tipos de continuidade no seguinte semestre, obtéñense oito casos distintos:

- Continuidade *mesmo posto de traballo* = mesmo posto de traballo, pero distinta empresa e distinto tipo de contrato.
- Continuidade *mesmo tipo de contrato de traballo* = mesmo tipo de contrato, pero distinto posto de traballo e distinta empresa.
- Continuidade *mesma empresa* = mesma empresa, pero distinto posto de traballo e distinto contrato
- Continuidade *mesmo posto de traballo e contrato* = mesmo posto de traballo e mesmo contrato, pero distinta empresa.
- Continuidade *mesmo posto de traballo e empresa* = mesmo posto de traballo e mesma empresa, pero distinto contrato.

- Continuidade *mesmo contrato e na mesma empresa* = mesmo contrato e mesma empresa, pero distinto posto de traballo.
- Continuidade *mesmo posto de traballo, co mesmo contrato e na mesma empresa* = mesmo posto de traballo, mesmo contrato e mesma empresa.
- Continuidade *na situación de activo* = distinto posto de traballo, distinta empresa e distinto tipo de contrato, pero segue activo no mercado de traballo.

Durante o período 2002-2004, das 711 persoas inseridas por conta allea no primeiro semestre posterior á finalización dos proxectos, continuaban a traballar no segundo semestre un total de 480, o que ben a representar unha porcentaxe de continuidade nas contratacións do 67,51%. Esta porcentaxe foi maior no caso dos homes que no das mulleres, posto que a masculina foi do 68,94% e a feminina do 65,71% e, polo tanto, había máis de tres puntos porcentuais de separación entr ambas cifras.

Continuidade das contratacións durante o ano seguinte á finalización do proxecto
2002-2004



Fonte: Elaboración propia. 2006

Non obstante, ao analizar o tipo de continuidade obsérvase que a máis usual foi a de “mesmo posto de traballo, contrato e empresa”, que atinxiu ao 45,21% do total de casos de continuidade. Esta porcentaxe foi maior para as mulleres, que acadaron unha cifra do 52,66%, mentres que no caso dos homes foi do 39,56%.

Por detrás, pero a bastante distancia, situouse o tipo de continuidade “situación de activo”, que acaprou ao 25,42% do total de casos. Aquí a porcentaxe foi maior para os homes (27,11%) que para as mulleres (23,19%).

Outro tipo de continuidade que tivo certa importancia foi o de “mesmo contrato”, xa que representou unha porcentaxe do 13,13% dos casos. Para este tipo de continuidade a porcentaxe masculina sobrepasou amplamente á feminina, acadando unha cifra do 15,75%, mentres que a das mulleres era do 9,66%.

O resto de tipos de continuidade tiveron unha importancia relativa bastante baixa, non pasando ningún deles dunha porcentaxe do 5%.

8.4. Contratacións por conta allea.

No seguinte apartado vaise analizar a contratación laboral por conta allea tendo en conta a modalidade de contrato. Así pódese observar que durante o período 2002-2004, os tipos de contratos que se empregaron para a contratación por conta allea do alumnado traballador nos proxectos de escolas e obradoiros foi moi variada, podendo contabilizarse 23 modalidades distintas:

Modalidades de contratos empregadas 2002-2004	
100	Contrato por tempo indefinido sen clave específica-xornada completa
109	Contrato por tempo indefinido por transformación dun contrato temporal ou de duración determinada (fomento contratación indefinida/emprego estable)-xornada completa
150	Contrato por tempo indefinido como medida de fomento da contratación indefinida-xornada completa
189	Contrato por tempo indefinido por transformación dun contrato temporal ou de duración determinada-xornada completa
200	Contrato por tempo indefinido sen clave específica-xornada parcial
209	Contrato por tempo indefinido por transformación dun contrato temporal ou de duración determinada (fomento contratación indefinida/emprego estable)-xornada parcial
250	Contrato por tempo indefinido como medida de fomento da contratación indefinida-xornada parcial
300	Contrato por tempo indefinido sen clave específica fixo discontinuo
350	Contrato por tempo indefinido como medida de fomento da contratación indefinida fixo discontinuo


Modalidades de contratos empregadas 2002-2004	
401	Contrato por obra ou servizo determinado-xornada completa
402	Contrato eventual por circunstancia da produción-xornada completa
403	Contrato de inserción-xornada completa
410	Contrato de interinidade-xornada completa
420	Contrato en prácticas-xornada completa
421	Contrato para a formación
430	Contrato temporal ou de duración determinada con traballadores minusválidos-xornada completa
501	Contrato por obra ou servizo determinado-xornada parcial
502	Contrato eventual por circunstancia da produción-xornada parcial
503	Contrato de inserción-xornada parcial
510	Contrato de interinidade-xornada parcial
530	Contrato temporal ou de duración determinada con traballadores minusválidos-xornada parcial
970	Contrato de colaboración Social para empresas sen ánimo de lucro
990	Contrato de interese social e de fomento do emprego agrario
Fonte: Elaboración propia	

8.4.1. Contratación por modalidade de contrato e o sexo.

Entre estas modalidades de contratos, as máis empregadas correspondéronse ás temporais, como son os “contratos de obra e servizo” e os “contratos eventuais por circunstancias da produción”. Estes tipos de contratos temporais comportaron o 60,90% das contratacións realizadas durante o período, se contabilizamos só os de xornada completa, e o 76,22%, cando se contabilizan tamén os de xornada parcial.

Ademais se temos en conta outras modalidades de contratación temporal (“contrato de inserción”, “contrato de interinidade”, “contrato para a formación”, etc.) a porcentaxe de temporalidade elévase ata o 96,89%. De feito o número de contratos indefinidos durante o período só foi de 48, representando o 3,05%.

Modalidades de contratos máis usuais segundo sexo
2002-2004



401-Contrato por obra ou servizo determinado-xornada completa
402-Contrato eventual por circunstancia da produción-xornada completa
403-Contrato de inserción-xornada completa
410-Contrato de interinidade-xornada completa
421-Contrato para a formación
501-Contrato por obra ou servizo determinado-xornada parcial
502-Contrato eventual por circunstancia da produción-xornada parcial


Fonte: Elaboración propia. 2006

Por sexos, a situación é practicamente parella, agás polo feito de que no caso das mulleres os contratos a xornada parcial teñen unha maior incidencia. Deste xeito, a modalidade de contratación eventual por circunstancias da produción-xornada parcial, ocupa o terceiro posto en importancia para as mulleres, acadando a cifra de 153 contratos, o que veu a representar o 15,43% das contratacións deste colectivo.

8.4.2. Contratacións por modalidade de contrato e tipo de proxecto.

Ao analizar as modalidades de contratos por tipo de programa, pódese observar que tanto nas escolas obradoiro como nos obradoiros de emprego predomina a contratación temporal, superando en ambos casos o 95% dos contratos realizados no período 2002-2004.

Modalidades de contratos máis usuais
segundo o tipo de proxecto
2002-2004




401-Contrato por obra ou servizo determinado-xornada completa
402-Contrato eventual por circunstancia da produción-xornada completa
403-Contrato de inserción-xornada completa
410-Contrato de interinidade-xornada completa
421-Contrato para a formación
501-Contrato por obra ou servizo determinado-xornada parcial
502-Contrato eventual por circunstancia da produción-xornada parcial

Fonte: Elaboración propia. 2006

Non obstante, aprécianse algunhas particularidades, así, no caso dos obradoiros a modalidade de “contrato para a formación”, non ten practicamente presenza, mentres que para as escolas obradoiro este tipo de contrato supuxo a terceira modalidade máis empregada. Este feito explícase polas propias características deste contrato, no que a idade máxima é de 24 anos, agás para as persoas que se incorporasen como alumnado traballador a un proxecto de formación e emprego, por ser unha das excepcións dos contratos para a formación.

8.4.3. Contratacións por modalidade de contrato e zona xeográfica.


Ao analizar as modalidades de contratos por zonas xeográficas da provincia de Pontevedra, pódese observar que en xeral todas presentan como modalidades de contratación máis empregadas os mesmos tipos de contratos. Así en todas as zonas, predominan os contratos de obra e servizo a xornada completa e os contratos eventuais por circunstancias da produción a xornada completa, supondo en todos os casos máis do 50% dos contratos realizados no período, e no caso das Zonas Centro, Sur Interior, Norte Interior e Vigo, incluso superior ao 60%.



O resto das contratacións máis usadas tiveron unha importancia moi variable segundo a zona, constituíndose nalgúns casos a “contratación eventual por circunstancias da produción a xornada parcial” e os “contratos para a formación” como o seguinte tipo de contrato máis utilizados, e noutros, como é o caso da Zona Norte Costeira, os “contratos de inserción a xornada completa” supuxeron o 19,59% da contratación realizada e polo tanto ocuparon o terceiro posto en importancia.

8.4.4. Evolución das contratacións segundo a modalidades de contrato.

No período 2002-2004 a contratación das persoas que pasaron polos proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra experimentou un descenso, pasando dos 655 contratos do ano 2002 aos 346 do ano 2004, o que supuxo unha redución do 47,18%.



Fonte: Elaboración propia. 2006

Este descenso tamén se manifestou na maior parte das modalidades de contratos empregadas durante o período. Todas elas viron reducir o número de contratacións durante o período, aínda que as intensidades non foron iguais para todas, sendo as modalidades de contrato de inserción e as de formación as que tiveron un descenso maior (-95% e -77,63%, respectivamente). O resto das contratacións sufriron unha redución en torno á media global.

8.5. Contratacións por conta propia.

No seguinte apartado vaise analizar a tipoloxía das contratacións por conta propia e as particularidades das mesmas tendo en conta o sexo do alumnado traballador contratado, o tipo de proxecto de procedencia e as zonas xeográficas nas que se emprazaron os proxectos, así como a súa evolución durante o período 2002-2004.

8.5.1. Tipo de empresa creada e sexo.

A contratación por conta propia representou o 1,85% das contratacións realizadas durante o período 2002-2004, na provincia de Pontevedra, o que supuxo un total de 24 contratacións. A forma de constitución máis recorrida foi a de "autónomo", con 19 ideas empresariais, o que veu a representar o 79,17% do total. A outra forma de autoemprego, foi a de "comunidad de bens" que acadou un total de 5, representando o 20,83%.

Contratacións por conta propia
segundo o tipo de empresa creada e o sexo
2002-2004




Fonte: Elaboración propia

Desagregando por sexos, prevalece igualmente a forma de “autónomo” tanto nos homes como polas mulleres, coa particularidade de que a incidencia foi maior no caso masculino onde se acadou unha porcentaxe do 83,33%, mentres que no feminino só supuñan o 75%.

8.5.2. Tipo de empresa creada e tipo de proxecto.

Ao ter en conta o tipo de proxecto de procedencia do alumnado traballador inserido por conta propia na provincia de Pontevedra, pódese identificar que se deu con maior frecuencia nos obradoiros de emprego que nas escolas obradoiro, posto que nos primeiros producíronse 20 insercións e nos segundos 4. Ademais no caso das escolas obradoiro só se empregou a forma de “autónomo” para realizar as insercións por conta propia, mentres que nos obradoiros de emprego constituíronse empresas tanto baixo a modalidade de “autónomo” como de “comunidade de bens”, sendo maior o número de autónomos que acadou unha porcentaxe do 75%.


Contratacións por conta propia
segundo o tipo de empresa creada e o tipo de proxecto
2002-2004



Fonte: Elaboración propia

8.5.3. Tipo de empresa e zona xeográfica.

En canto ás zonas xeográficas, pódese ver como a zona centro foi a que tivo un maior número de insercións por conta propia, contabilizando un total de 11, das que 7 foron mediante a fórmula de "autónomo" e 4 mediante a de "comunidade de bens". Por detrás, situouse a Zona de Vigo, na que se produciron 6 insercións por conta propia, contabilizándose 5 "autónomos" e 1 "comunidade de bens".




Fonte: Elaboración propia

No resto de zonas xeográficas non se pasou das 4 insercións por conta propia, agás para a Zona Sur Interior, onde non se computou ningunha inserción destas características. Ademais, en todas estas zonas só se empregou a forma de "autónomo".

8.5.4. Evolución das contratacións por conta propia segundo o tipo de empresa.

Durante o período 2002-2004 as insercións por conta propia experimentaron un leve aumento no número total de insercións, pasando das 6 do ano 2002, ás 7 do 2004, o que supuxo unha suba do 16,67%. Nesta evolución é de subliñar o reponte que experimentou no ano 2003, constituíndose 11 empresas.



Fonte: Elaboración propia. 2006

En canto á evolución das dúas modalidades de inserción por conta propia que se utilizaron durante o período, pódese observar que mentres que as persoas autónomas empezaron cunha tendencia alcista no ano 2003, xa no 2004 deuse unha baixa do número de casos, de tal xeito que o balance final do período foi unha redución da modalidade de autónomos do 50%. Pola contra, o número de comunidades de bens estivo a medrar durante todo o período, pasando de ningunha no ano 2002, ata 4 no ano 2004, sobrepasando en número aos autónomos establecidos nese mesmo ano.

9. Conclusións

Ao longo dos apartados anteriores estívoase a facer unha análise cuantitativa baseada nos datos subtraídos dos cuestionarios de inserción. A partir desta análise e tendo en conta a experiencia do persoal da UPD da MAIV no programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, fóronse extraendo unha serie de conclusións que inclúen inferencias que parten dos datos numéricos, pero que van máis alá desa visión cuantitativa, recollendo valoracións froito do contacto directo da UPD co equipo directivo e docente das escolas obradoiro e dos obradoiros de emprego durante o seu desenvolvemento, así como tamén co persoal técnico e/ou representantes políticos das entidades promotoras. Deste xeito, algunhas das lagoas informativas que había nos cuestionarios de partida foi suplida co coñecemento que a UPD ten dos proxectos de formación e emprego.

A continuación enunciámos as conclusións máis destacadas que aparecen agrupadas en función dos apartados deste informe:

Análise cuantitativa dos proxectos.

✎ No período analizado obsérvase unha preponderancia da modalidade de obradoiro de emprego sobre a de escolas obradoiro (29 e 15, respectivamente), o que é razoable tendo en conta que o número de persoas desempregadas que existe na franxa de idade das persoas que poden participar nos primeiros, de 25 anos ou máis anos, é superior á dos segundos, menores de 25 anos. Asemade, nos municipios pontevedreses en xeral e nos que abarca este estudio en particular, soen darse unhas cifras de desemprego maiores nos tramos de idade correspondentes ás posibles persoas participantes nos obradoiros de emprego, aspecto que se debe ter moi en conta á hora de deseñar os proxectos.

Outra realidade que favorece que as entidades promotoras opten polos obradoiros de emprego é o feito de que, segundo manifestacións de persoas vinculadas a estes proxectos, ao longo dos mesmos xorden maiores problemas de disciplina e dificultades de implicación e motivación e asunción de responsabilidades laborais no alumnado traballador das escolas obradoiros que nos obradoiros de emprego.

✎ As entidades promotoras da provincia de Pontevedra teñen unha tendencia sistemática a propor proxectos cuxa actuación se centra na realización dunha obra, o que determina o desenvolvemento de especialidades vinculadas ao sector da construción e, polo tanto, a oficios tradicionalmente masculinos. A priori, isto pode limitar o posterior acceso ao mercado laboral das mulleres que se capacitan nestes proxectos.

Se partimos do feito de que na análise desagregada por sexos das persoas participantes durante os anos 2002-2004, dáse unha maior presenza de mulleres que de homes no programa de obradoiros de emprego (tipo de proxecto máis desenvolvido cara ao final do período), podéndose sinalar que non se está a ter en conta este feito nin as demandas do mercado laboral, factores ambos que limitan unha inserción vinculada á especialidade cursada.

- Observando o mapa da distribución territorial dos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego na provincia de Pontevedra pódese ver que non hai unha distribución equitativa entre zonas. Así, existen amplas zonas do interior da provincia nas que a presenza de proxectos foi moi escasa, como por exemplo as comarcas do Deza e da Paradanta, mentres que a maioría dos proxectos se concentran nas zonas costeiras.

Análise cuantitativa do alumnado traballador.

- No cómputo global dos proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego desenvolvidos na provincia de Pontevedra houbo unha distribución equitativa na participación de homes e mulleres, non obstante analizando a súa evolución anual, obsérvase que no 2002 había unha maior proporción de homes que de mulleres no global do alumnado traballador, pero posteriormente deuse a volta a esta situación, de tal xeito que no 2004 o número de mulleres superaba claramente ao dos homes. Esta incremento da presenza feminina nos programas foi debida á utilización de medidas de discriminación positiva en todas as políticas activas de emprego da Xunta de Galicia.

Esta realidade non foi acompañada de cambios no deseño dos proxectos, manténdose o desenvolvemento de especialidades vinculadas a oficios tradicionalmente masculinos.

Movimentos do alumnado traballador durante ao desenvolvemento dos proxectos.

- En xeral, aínda que de xeito máis destacado nas escolas obradoiros, pódese apreciar un movemento significativo de baixas e altas entre o alumnado traballador. O feito de que a xustificación “outras causas” sexa a máis concorrida, non permite analizar ás razóns principais desta elevada rotación. Así e todo, tal e como se sinalou no apartado correspondente, é a “colocación” a segunda das razóns que provoca o abandono dun proxecto.
- Estudando por tipos de proxectos, observase unha diferenza significativa sendo considerablemente máis elevado o número de baixas nas escolas obradoiro que nos obradoiros de emprego (81,33% e 18,67%, respectivamente).

- ☛ Segundo sexos, son os homes os que abandonan con maior frecuencia este programa de formación e emprego, sendo a razón a súa colocación laboral; mentres que aquelas mulleres que se dan de baixan fano “por outras causas”, o que reforza a valoración, xa mencionada nunha das conclusións anteriores, de que as mulleres amosan unha maior dificultade para insertarse laboralmente que os homes.
- ☛ Destacar que na análise evolutiva pódese apreciar un descenso do número de baixas ao longo do período temporal estudado. Isto significa unha estabilidade nos proxectos, xa que a rotación do alumnado traballador a priori pode afectar ao funcionamento dos mesmos, lentificando o proceso formativo e a execución da obra ou servizo debido á necesidade de adaptación das persoas que se incorporan á escola ou ao obradoiro unha vez está en funcionamento. Asemade, tamén se pode extrapolar a existencia dun maior interese por parte das persoas participantes por finalizar o seu proceso de capacitación laboral e, evidentemente, un aumento do número de persoas que poden optar aos certificados de profesionalidade⁶ para os que é necesario ter superado un número mínimo de horas formativas.

Análise da inserción laboral do alumnado traballador.

- ☛ Ao analizar os datos de inserción laboral apreciase como os homes logran mellores resultados que as mulleres (54,59% e 45,41%, respectivamente), aínda que a distribución de alumnado traballador por sexo está igualada no cómputo global.
- ☛ Por programas, obsérvase que o alumnado traballador das escolas obradoiro teñen maiores posibilidades de atopar un traballo que o dos obradoiros de emprego, sendo en ambos casos o primeiro semestre tras o remate do proxecto cando teñen lugar a maioría das colocacións. Posiblemente un factor favorecedor desta realidade sexa a idade de participación nas escolas obradoiro e que nos obradoiros prevalecen as persoas de entre 30 e 39 anos⁷, franxa de idade que non contaba con incentivos á contratación por conta allea de cara a inserción laboral, coas que si contaban os menores de 30 e os maiores de 45 no período temporal 2002-2005.

⁶ É necesario puntualizar que non todas as especialidades que se desenvolven nos proxectos de escolas obradoiros ou obradoiros de emprego de Pontevedra basean o seu programa formativo nos contidos establecidos nos certificados de profesionalidade dado que aínda non todas as ocupacións profesionais están regulamentadas. Non obstante, si na súa maioría.

Tamén hai que sinalar que con data de redacción deste informe, só as especialidades de xardinaría e traballador/a forestal contan coas probas específicas que permiten optar á certificación oficial.

⁷ Datos obtidos do observatorio de escolas e obradoiros da Unidade de Promoción e Desenvolvemento. Puntualizar que se trata dunha inferencia obtida dunha mostra de 13 proxectos dos que a UPD ten información completa e que o número de proxectos analizados neste informe é de 44.

✎ A pesar de que dende as administracións competentes estase a apoiar e impulsar o autoemprego, especialmente a constitución de cooperativas, son poucas as iniciativas empresariais que xorden no marco das escolas obradoiros ou obradoiros de emprego, tan só o 1,85% do alumnado traballador opta por esta vía de acceso ao mercado laboral. Asemade, hai que sinalar que quen foi emprendedor ou emprendedora decantouse maioritariamente, o 79,17%, pola forma de “autónomo”, resultado coincidente tanto na análise desagregada por sexos como por proxectos.

Análise das contratacións do alumnado traballador.

✎ Á hora de ter unha contratación, os datos reflicten que o feito de ser home, capacitado nunha escola obradoiro, nunha especialidade vinculada ao sector da construción e buscar emprego por conta allea, é sinónimo de éxito. Polo tanto, as mulleres a pesar de acadar unha capacitación profesional ao mesmo nivel que a dos homes, manteñen case as mesmas dificultades, que tiñan antes de participar nun proxecto de formación e emprego, á hora de atopar un traballo.

✎ Ao analizar o indicador do grao de contratación relacionada coa especialidade, os resultados obtidos amosan unha realidade máis negativa do desexable xa que tan só o 21,10% das contratacións se realizan nunha ocupación na que o alumnado traballador pode desenvolver as competencias profesionais adquiridas no proxecto de escola ou obradoiro. Na comparación por sexos, obsérvase como a proporción de contratos vinculados coa especialidade é menor no caso das mulleres (11,87%), mentres que no dos homes acada unha cifra superior (28,29%). Estes datos indican, por unha banda, unha posible ruptura entre as especialidades que habitualmente se desenvolven na provincia de Pontevedra e as demandas do tecido empresarial, e por outra, o mantemento da segregación horizontal que impide que as mulleres accedan a determinados postos de traballo.

✎ Desagregando por especialidades e sexos, albanelaría resulta ser a especialidade coas cifras de contratación máis altas no caso dos homes e xardinaría no das mulleres. Resultados que resultan obvios se temos en conta que son as especialidades máis desenvolvidas e cadansúa con maior presenza do xénero correspondente. Pero á hora de ter en conta o índice de contratación relacionada, temos que no caso dos homes mantense albanelaría coa porcentaxe máis alta (46,6%), mentres que nas mulleres se sitúa en primeiro lugar a especialidade de axuda a domicilio (46,2%).

Finalmente, cal sería a resposta ás seguintes interrogantes:

En que medida o paso por un proxecto de escola obradoiro ou obradoiro de emprego incrementa as posibilidades das persoas en desemprego de acceder a un posto de traballo?

Os resultados de inserción laboral teríanse logrado, antes ou despois, sen a previa capacitación nun proxecto de formación e emprego?

Aínda que para formular unha opinión obxectiva e fiable deberíanse ter en conta factores, aquí non contemplados, que permitiran unha análise cualitativa, si se pode afirmar que existe un desequilibrio entre o esforzo económico e persoal necesario para o desenvolvemento dos proxectos e os resultados de inserción acadados, debido a unha serie de factores entre os que cabe salientar os seguintes:

- Descoñecemento e escasa confianza por parte do empresariado sobre o grao de capacitación que acadan as persoas que participan nestes programas.
- Baixa motivación do alumnado traballador, especialmente no caso das mulleres, cara a inxerirse nas ocupacións exercidas nos proxectos.
- Non adecuación da formación dalgunhas especialidades ás necesidades do mercado laboral.

En todo caso, reflíctese a necesidade de diversificar as especialidades estando nestes momentos nunha boa situación dado que tanto dende as UPDs de Pontevedra e Vigo⁸, como dende a Consellería de Traballo⁹, se está a desenvolver un labor de investigación co obxectivo de ofertar formación adaptada ás demandas do mercado laboral do territorio.

Outro aspecto sobre o que se debería incidir é no proceso de selección do alumnado traballador, debéndose incorporar mecanismos que avalíen a súa motivación e o seu interese previo cara a ocupación na que se van cualificar.

Asemade, dado que en termos xerais hai unha tendencia a que a muller teña maior presenza que os homes nos proxectos, xa que os elevados índices de desemprego femininos sitúanas como colectivo preferente nas medidas activas de emprego, é preciso deseñar estratexias que

⁸ Froito dun traballo conxunto de ambas UPDS, no 2006 presentouse á Sección de Escolas da provincia de Pontevedra o “Estudo de implantación de novas especialidades e proxectos”, no que se recolle un diagnóstico socioeconómico de sete concellos da provincia de Pontevedra que sustenta o esbozo de propostas tanto de especialidades como de proxectos para cada un deles e adaptados as súas características e ás demandas do mercado laboral.

⁹ A Consellería ven de publicar unha proposta de accións formativas por comarcas que está dispoñible na páxina web, <http://traballo.xunta.es/>, no apartado “Formación Ocupacional e Continua”.

favorezan que súa inxerencia no mercado laboral, especialmente cando se trate de especialidades vinculadas a ocupacións tradicionalmente masculinas. Esta actuación debe ir encamiñada á superación de:

- As barreiras persoais e motivacionais das propias mulleres, que en moitos casos, derivado dun imaxinario social que non visibiliza á muller como traballadora do sector da construción, non se consideran capacitadas para desempeñar ditas ocupacións fóra do espazo semiprotexido do proxecto de formación e emprego.
- A actitude remisa do empresariado do sector cara á contratación das mulleres. Aínda persisten prexuízos entre o tecido empresarial respecto ás competencias, sobre todo capacidades físicas, do xénero feminino para desempeñar con eficacia as tarefas propias destes oficios ao que se engaden ás tradicionais argumentacións derivadas do seu rol reprodutivo.

Neste senso, algúns dos pasos a dar cara o logro da igualdade de oportunidades entre as persoas que se capacitan no marco destes proxectos debería dirixirse cara a:

- Sensibilizar e formar ao equipo directivo e docente en materia de igualdade de oportunidades, de tal maneira que asuman actitudes proigualitarias, superen posibles estereotipos persoais e teñan os coñecementos necesarios para introducir a perspectiva de xénero en cada unha das accións que se leven a cabo no itinerario de formación e inserción do alumnado traballador.
- Sensibilizar ao alumnado traballador masculino cara a superación de actitudes negativas que dificulten compartir espazos de traballo coas mulleres.
- Empoderar ás mulleres, favorecendo que interioricen que "SI" están capacitadas para traballar en empregos tradicionalmente masculinos.
- Introducir a igualdade de oportunidades no itinerario formativo das especialidades.
- Diseñar e pór en marcha actuacións nas que se traballe conxuntamente coas mulleres e co empresariado.
- Construír ferramentas metodolóxicas que faciliten o proceso de prospección de mercado e a sensibilización do empresariado cara a contratación das mulleres que se capacitan nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Asinar convenios entre a Administración e as asociacións sectoriais nos que se persiga unha maior inserción da muller.
- Realizar campañas de sensibilización dirixidas á sociedade en xeral que posibiliten a superación dos roles sexistas.
- Potenciar a utilización dunha linguaxe non sexista tanto no marco dos proxectos de formación e emprego como nos diferentes axentes vinculados ao programa de escolas e obradoiros de emprego.

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Dirección

Zara Pousa Arbones

Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego

Silvana Martínez Rodríguez

Rosa Aguado López

Desenvolvemento de Territorio

Xulio Troitiño Dapena

Angeles Romero Bello

Comunicación

Julio López Walliser

Blanca González de la Cuesta

María Alonso Rey

Administración

Begoña Álvarez González

Carmen Domínguez Paz



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego



**REDE DE
TÉCNICOS
DE EMPREGO
DE GALICIA**



**ESCOLAS OBRADOIRO
E OBRADOIROS DE EMPREGO**



Fondo Social Europeo